




tradescola
de Música Tradicional
Asociación de Gaiteiros Galegos

Centro Lug2

Rúa Pintor Corredoira, 4
27002 Lugo
T.982 229 966
tradescola@gaiteirosgalegos.gal
www.gaiteirosgalegos.gal



VII CERTAME DE DEBUXO PARA ESCOLARES DA PROVINCIA DE LUGO TRADESCOLA (AGG) - DEPUTACIÓN DE LUGO

OS INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

O certame rexerese polas seguintes

BASES

- 1- Poderán participar as nenas e nenos que cursen 1º, 2º e 3º de primaria nos centros escolares da provincia de Lugo. Cada concursante poderá enviar só un debuxo que debe estar realizado á man usando ceras, lápices, rotuladores, acuarelas, ou similares.
- 2- Os contidos e as formas dos debuxos son libres, pero todos tratarán sobre os instrumentos da música tradicional galega. Facilitarase a todos os centros escolares o arquivo onde realizar o debuxo. No dorso do debuxo farase constar o nome e apelidos, o enderezo e o teléfono do autor ou autora, así como o nome da nai, do pai ou do tutor@ legal, que deberá asinar en proba de autorización para a participación no certame.
- 3- Os debuxos deberanse presentar na Tradescola (Centro Lug 2 – Rúa Pintor Corredoira nº 4- 27002 – Lugo) ou na Area de Cultura da Deputación de Lugo (Rúa San Marcos nº 8 – 27001 – Lugo) ben persoalmente ou por correo postal ata o 1 de marzo de 2019. Admitiranse os correos postais con data de selado máxima a do último día da presentación.
- 4- O xurado do certame estará composto por membros do profesorado da Tradescola, que seleccionarán un total de 25 debuxos finalistas que serán premiados cun lote de material didáctico de música tradicional. Así mesmo, os centros escolares aos que pertencen os 25 finalistas tamén recibirán un lote de agasallo (Area de Cultura da Deputación de Lugo). O fallo do xurado será inapelable; o nome dos autores e autoras seleccionados farase público na páxina web da Asociación de Gaiteir@s Galeg@s (www.gaiteirosgalegos.gal), na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), así como noutros medios de comunicación. Os premios tamén serán comunicados directamente a cada centro e a cada participante seleccionado.
- 5- Dos 25 debuxos finalistas, seleccionárase un gañador@ que recibirá un premio consistente na matrícula gratuíta nunha materia na Tradescola no curso 2019/2020. O centro educativo ao que pertenza @ gañador@, terá tamén dous agasallos a maiores, consistentes nunha visita guiada + obradoiro para os rapaces do centro a cargo do Obradoiro de Instrumentos Musicais integrado no centro de Artesanía e Deseño de Lugo (Deputación de Lugo) (máximo 50 asistentes incluíndo responsables e acompañantes) e un concerto didáctico de música tradicional a cargo da Tradescola.
- 6- A Asociación de Gaiteir@s Galeg@s (AGG) e a Deputación de Lugo poderán publicar, utilizar, expoñer e difundir a imaxe dos debuxos presentados así como o nome dos seus autores.
- 7- Os debuxos recibidos estarán expostos na sala de exposicións do CENTRAD na segunda quincena do mes de marzo.
- 8- O feito de participar neste certame implica a plena aceptación das presentes bases.

NOME E APELIDOS: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO: _____ CURSO _____ CENTRO _____

NOME DA NAI, PAI OU TITOR: _____ DNI: _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

Autorizo a participación da miña filla/fillo no certame de debuxo organizado pola Tradescola.

DATA:

SINATURA:



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Os Instrumentos da
Música Tradicional
GALEGA

Asinado:

Idade: